



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actividade Convocatoria sesión ordinaria Pleno
Número expediente PLN/2024/12

**PLN/2024/12.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE
CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA DOCE
DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Sendo as doce horas e dous minutos do doce de setembro do ano dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

Cadro de asistencias	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel Kuntz Peiteado	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Begoña María Gómez Díaz	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Iván Martínez González	Asiste





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.

Coa presenza da interventora accidental (RA núm. 2024-0741, asinado polo concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior con data trece de xuño de dous mil vinte e catro, comunicada á consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Administración Local con data trece de xuño de dous mil vinte e catro, número rexistro de saída 2023-S-RC-893), Mercedes Ocampo Santiago.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1º.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.

Dando cumprimento ao establecido no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Presidente da conta das circunstancias que motivan a urxencia da convocatoria asociadas á tramitación e presentación de nova solicitude con cargo ao POS + Adicional 2024 antes de que remate o novo prazo conferido pola Deputación provincial, 13.09.2024 para poder reformular a solicitude previamente aprobada polo Pleno en sesión ordinaria realizada con data vinte e oito de agosto de dous mil vinte e catro.

Non formulándose debate ningún, sometida a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor





Concello de Mugardos
(A Coruña)

En función do resultado, ratifícase a urxencia da convocatoria.

2º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 848/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2/2024. NOVA SOLICITUDE.- Elévase á consideración do Pleno previa emisión de ditame pola Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs realizada con carácter extraordinario e urxente o 12.09.2024, proposta asinada polo concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs (delegación RA nº 2023-0615, de 26.06.2023):

“ ...

1.- “Participar na **segunda fase** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2024**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	20.306,32 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)		
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible		





Concello de Mugardos
(A Coruña)

			(só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)		
Renovación y mejora de la cubrición de la pista deportiva de O Cristo con la sustitución de la caldera eléctrica por equipo de aerotermia, para la mejora de la eficiencia energética	194.975,32 €				194.975,32 €
Subministración vehículo Policía Local	40.000,00 €				40.000,00 €
TOTAL	234.975,32 €				234.975,32 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total Concello	
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)	20.306,32 €				20.306,32 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)	-	-	-	-	-
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	234.975,32 €	-	-	-	234.975,32 €
TOTAL	255.281,64 €	-	-	-	255.281,64 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Primeira quenda de intervencións	
Concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICS	Describe o contido da nova proposta e os seus antecedentes inmediatos.
Portavoz PSdG-PSOE	Na derradeira sesión do Pleno no que se adoptou acordo para a aplicación dos mesmos fondos, o seu grupo municipal votou en contra por canto non se daba cobertura a gasto de inversión algún. Tras o novo expediente tramitado formula unha pregunta retórica sobre por qué o goberno municipal non examinou adecuadamente as bases do Plan provincial ou se teñen algún problema conceptual. A nova proposta ven a por en evidencia os argumentos aducidos para defender a aplicación dos recursos do plan provincial ao financiamento de gasto corrente a partir do comportamento no mesmo sentido doutros concellos, na ausencia de proxectos viables ou de crédito para a súa contratación. De seguido cita unha relación de actuacións como a reforma do mercado municipal, parques infantís, cuberta da piscina, apertura de novas rúas, rehabilitacións de inmobles varios etc que poderían ter sido xa incluídos no POS. E considera a a situación actual que pon de manifesto a nova proposta é o resultado da improvisación, falta de dilixencia, ou compromiso co concello.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>En canto as novas actuacións, as inversións deberían ser financiadas con outras liñas de axudas con que conta a administración autonómica para tal fin, incidindo de forma específica na adquisición do vehículo da Policía Local a partir de exemplos de subministros realizados con tales fondos por outros concellos. De forma que o POS se poda aplicar a inversións propias do seu obxecto, obras e servizos municipais.</p> <p>Quere ademáis subscitar outra cuestión técnica xa que no orzamento do proxecto de cambio da cuberta do pavillón existe unha importante variación económica (máis dun 20%) respecto do proxecto anterior.</p> <p>Remata a súa intervención pedindo un compromiso do equipo de goberno coa veciñanza do concello.</p>
Portavoz PP	Solicita o uso da palabra por alusións. Non vai a tolerar faltas de respecto, debendo os debates e intervencións nas sesión, limitarse ao fondo dos expedientes.
Portavoz BNG	Non comparte o clima do debate. Están de acordo nas dúas inversións contempladas na proposta máis co pavillón perdéronse xa dúas subvencións previas e estarán atentos para saber se as propostas agora presentadas son executadas. E pon por exemplo outras obras previamente incluídas no POS nas que posteriormente xurdiron problemas e incidencias xa que considera que deben realizarse traballos previos de depuración e estudo de viabilidade. Ao seu grupo lle gustaría que se aplicasen este tipo de proxectos a outras liñas de axudas como as do IDAE ou da Xunta de Galicia para poder reservar os fondos do Plan Provincial para outro tipo de actuacións.

Segunda quenda de intervencións	
Portavoz PSdG-PSOE	Na súa previa intervención quiso aclarar por qué votaron en contra no acordo adoptado na sesión plenaria do mes de agosto e a abstención no seu voto na presente sesión, e por resposta obtén unha intervención coma a precedente do portavoz PP pese as declaracións previamente realizadas polo mesmo indicando que o portavoz do grupo PSdG-PSOE non se leía os proxectos. Considera que existe





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>improvisación e se evidencia na forma de presentar a documentación, datas dos informes. Lamenta é que elo poda ir asociado a que non se executen, como acontece co resto de obras pendentes do POS así como a presenza de erros que dificulten a súa tramitación, e por tanto, a mala xestión municipal provocando o incremento dos prezos das actuacións.</p>
Concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICS	<p>Agradece os esforzos aplicados polos/as empregados públicos para que o expediente poda ser tramitado. En canto á lectura dos Bases non existe unha indicación expresa sobre a aplicación de gasto corrente. Se se queren aplicar as inversións a outras liñas de financiamento deberán votar a favor das modificacións de crédito para poder realizar a achega municipal. En canto á variación do custe da cuberta xunto coa alza de prezos, levouse a cabo unha modificación con dotación dun panel sándwich.</p> <p>Para ilustrar a súa intervención pon por exemplo o vehículo que estaba previsto como actuación no Fondo de Compensación Ambiental máis requiría dunha modificación de crédito, confirmando que houbo que efectuar cambios nos proxectos por que as bases das convocatorias de axudas entre outros motivos, non son as mesmas.</p>
Alcalde	<p>Non lle gusta o tono do portavoz PSdG-PSOE que tilda aos membros do seu grupo de perezosos, pouco dilixentes etc. E pide que se hablen das obras e das cousas que interesan á veciñanza. As intervencións precedentes evidencian a falta de experiencia de xestión. O programa IDAE é o gran financiador do Estado e aínda se está a esperar a cobrar os fondos previamente adiantados polo concello,. En canto á elección dos proxectos, o máis operativo é aplicar os esforzos nun xa existente. E con elo resolver problemas.</p> <p>Replica ao portavoz PSdG-PSOE que cite unha relación de propostas de inversións máis non teñan presentado no prazo solicitado de trinta de agosto as actuacións que o seu grupo quere que se inclúan no Plan Provincial ao que se debe unir o seu voto en contra nos expedientes de modificación de crédito que posibilitarían o financiamento das inversións que agora ven a solicitar.</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Portavoz PSdG-PSOE	Por alusións. Na primeira vez que elevaron a consideración do pleno o parque de San Xoán votaron a favor. Reitera que non insultou a ninguén e están a por toda a atención neste e non que no pleno anterior se defendeu que se aplicasen os fondos a gasto corrente por que non había proxectos. E o que non pode ser é que o goberno municipal poña data a que a oposición presente propostas xa que non é a súa obriga se non do goberno.
Portavoz BNG	Indica que non teñen constancia de que se fixese indicación expresa sobre o prazo para presentar propostas de actuación para o POS en Comisión Informativa, presentado o seu grupo unha solicitude con tal a pasada semana.
Portavoz PP	O prazo de presentación se marcou en sesión plenaria e quere que se deixe constancia en acta. O prazo de referencia é o 31 de agosto de cada ano para que se podan emitir informes técnicos e pedir as autorizacións que no seu caso sexan necesarias.

Rematado o debate e sometida a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	Abstención

En atención ao resultado da votación o Pleno, aovabeiro do indicado no artigo 22 e 25.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, prestou aprobación á proposta previamente ditaminada adoptando o seguinte **acordo**:

1. Participar na **segunda fase** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	20.306,32 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles <u>SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024</u> (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos			
	Deputación	Concello		Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	
TOTAL				

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos			
	Deputación	Concello		Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	
Renovación y mejora de la cubrición de la pista deportiva de O Cristo con la sustitución de la caldera eléctrica por equipo de aerotermia, para la mejora de la eficiencia energética	194.975,32 €			194.975,32 €
Subministración vehículo Policía Local	40.000,00 €			40.000,00 €
TOTAL	234.975,32 €			234.975,32 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total Concello	
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)	20.306,32 €				20.306,32 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)	-	-	-	-	-
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	234.975,32 €	-	-	-	234.975,32 €
TOTAL	255.281,64 €	-	-	-	255.281,64 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Non habendomáis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as doce horas e corenta e un minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta cun soporte de grabación en audio cuxa pegada dixital é:
2AA2AD2B57D851DD37D7922F5441C193D0160B35CE3F17A7732B1222A83F2434

Visto e prace

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

